En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 41695**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Galicia, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún plan para implementar e apoiar a recuperación das variedades de froitas autóctonas de Galicia, nomeadamente de mazás, como alternativa de cultivo e de actividade económica do medio rural, así como as intencións da Consellería do Medio Rural ao respecto”**, (publicada no BOPG número 400, do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 15 de maio de 2019, respondendo o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias á pregunta 46224.

Pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-05-15?part=af8449c3-8644-496a-b165-3c827bb4f087&start=3114>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54963
Data envío: 03/09/2019 15:20:36.967

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:20:33

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54886

Data envío: 03/09/2019 09:05:28.247

Data 03/09/2019 09:05

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 41427**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Julio Torrado Quintela e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a cobertura informativa dada pola RTVG ao encontro mantido o día 3 de decembro de 2018 polo secretario xeral do PSdeG coa ministra de Defensa, tralo que se anunciou a construción das fragatas F-110 para a Armada española no estaleiro público de Navantia en Ferrol”**, (publicada no BOPG número 398, do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia** que ten o seguinte contido:

“A actualidade de cada xornada e as prioridades son as que marcan os contidos dos informativos. Neste contexto, cómpre lembrar que o luns 3 de decembro de 2018 era o día despois das eleccións autonómicas andaluzas, nas que os partidos de centro dereita obtiñan, por primeira vez na historia da democracia española, a posibilidade numérica de arrebatarlle o goberno ao Partido Socialista. E o día no que todas as redaccións e medios de comunicación traballaban na recollida de reaccións ante os resultados das eleccións andaluzas, en toda España, pero especialmente en Madrid e Sevilla. De feito, o delegado da Televisión de Galicia en Madrid permanecía ese luns na capital andaluza, onde estivo durante a xornada electoral e, loxicamente, durante o día despois, ese 3 de decembro.

Nesas condicións, houbo que facer un verdadeiro esforzo para que a delegación dos medios públicos en Madrid puidera cubrir o resto de eventos políticos de relevancia que se sucederon na capital de España ese luns.

Por outra parte, a visita a Madrid do secretario xeral do PSdeG non era un acto institucional, senón unha xuntanza entre o secretario dunha forza política galega e unha Ministra do Goberno, na que non se fixo ningún anuncio oficial, senón que se adiantou algo que sería noticia (ou non) días despois. Aínda así, a TVG estivo presente nesa reunión, e o Sr. Caballero apareceu no Telexornal Mediodía dese día, e non unha nin dúas, senón tres veces.

Páxina 1 de 4



A primeira delas, cando se recolleu en Madrid a súa opinión sobre o resultado electoral en Andalucía, cun total ou "inserto" de 24 segundos (por certo, a máis longa de todas as reaccións dos políticos galegos) no que Gonzalo Caballero di que desde o PSdeG convidan a Susana Díaz a extraer leccións dunha campaña realizada á marxe do presidente do Goberno. O total di que é un resultado que vén marcado por un desgaste electoral do PSOE de Andalucía durante moitos anos. Nunha campaña electoral que o PSOE de Andalucía quixo facer moi marcada nas claves andaluzas e un pouco afastada da situación do PSOE en España e da propia tarefa do presidente do Goberno. Creo que o resultado hai que saber interpretalo e correspóndelles aos compañeiros da Andalucía extraer leccións.

A segunda, a información sobre a reunión coa Ministra de Defensa, na que se explica que o Ministerio de Defensa ten previsto levar ao Consello de Ministros nas próximas semanas a orde de execución das cinco fragatas F-110 para a Armada Española que se van construír no estaleiro de Ferrol. Así llo trasladou Margarita Robles ao secretario xeral do PSdeG nunha xuntanza de traballo. Di que o goberno ten os deberes feitos pero non fixa unha data concreta para este contrato que garantirá a carga de traballo no sector naval de Ferrol ata o 2024.

E por último, nunha terceira ocasión no telexornal do Sr. Caballero, cun que un novo total ou inserto de 21 segundos, no que o secretario xeral do PSdeG di que "estamos falando de 4.500 millóns de euros de investimento para Ferrol. 7.000 empregos para un horizonte de seis anos. Isto é un impulso fundamental para o sector industrial.


Por outra parte, na Radio Galega recolleuse con detalle tamén esta información con diferentes e amplas versións nos seus tres informativos centrais: Crónica das dúas, A Crónica e o Galicia Por Diante do día seguinte, 4 de decembro.

CRÓNICA DAS DÚAS (03/10) - (incluíu dous cortes de voz do secretario xeral do PSdeG): O secretario xeral dos socialistas galegos, Gonzalo Caballero, adiantou hoxe que o consello de ministros aprobará nas próximas semanas a construción de 5 fragatas para a Armada española en Navantia Ferrol, por un importe de 4.500 millóns de euros.

Caballero fixo este anuncio tras entrevistarse en Madrid coa ministra de defensa, Margarita Robles.

O líder dos socialistas galegos amosou a súa satisfacción polo desbloqueo duns contratos para Navantia que, segundo dixo, levaban nun caixón desde 2014. O desbloqueo dos contratos para





construir as 5 fragatas conleva un investimento de arredor de 4.500 millóns e carga de traballo para 6 anos, segundo os cálculos de Gonzalo Caballero.

Tras reunirse con Margarita Robles, Caballero afirmou que Defensa xa fixo o seu traballo e só falta que o Ministerio de Facenda ultime a documentación para enviar todo ó consello de ministros.

O propio presidente do goberno, Pedro Sánchez, anunciara este verán que o contrato das fragatas estaría aprobado antes de finais de ano, un prazo que se correspondería co que hoxe anunciou o secretario xeral dos socialistas galegos.

A CRÓNICA - (incluíu un corte de voz do secretario xeral do PSdeG):

Gonzalo Caballero asegura que o Consello de Ministros aprobará nas próximas semanas a construción de cinco novas fragatas para a Armada española no estaleiro de Navantia en Fene e Ferrol por un importe de 4.500 millóns de euros, o que suporá, segundo o líder do PSdeG, a creación de 7.000 empregos e unha carga de traballo para 6 anos. Caballero asegurou que só falta que o ministerio de Facenda ultime a documentación e a poña sobre a mesa do consello de Ministros. Para o secretario xeral do socialistas galegos, o goberno está a piques de desbloquear os contratos que levaban paralizados desde 2014.

GALICIA POR DIANTE - (incluíu un corte de voz do secretario xeral do PSdeG): Gonzalo Caballero asegura que o Consello de Ministros aprobará nas próximas semanas a construción de cinco novas fragatas para a Armada española no estaleiro de Navantia en Fene e Ferrol por un importe de 4.500 millóns de euros, o que suporá, segundo o líder do PSdeG, a creación de 7.000 empregos e unha carga de traballo para 6 anos.

Caballero asegurou que só falta que o ministerio de Facenda ultime a documentación e a poña sobre a mesa do consello de Ministros.

Para o secretario xeral do socialistas galegos, o goberno está a piques de desbloquear os contratos que levaban paralizados desde 2014

Por último, o xoves 13 de decembro, no momento en que o Delegado do Goberno en Galicia informou oficialmente da luz verde para a construción das fragatas, a TVG mobilizou inmediatamente un equipo de directos a Navantia para darlle á noticia a importancia que merecía, xa dende os titulares do



informativo do mediodía. E tamén ocupou un lugar destacado no Telexornal Serán daquel mesmo día, con outro directo desde o mesmo interior das instalacións de Navantia en Fene”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54886
Data envío: 03/09/2019 09:05:28.247

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:05:24

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34118** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a presentación polo Goberno galego dun informe a aplicación dos preceptos da Lei de Dereito Civil de Galicia e daquelas normas para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio da nosa Comunidade Autónoma”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Disposición adicional primeira da Lei 2/2006, de Dereito civil de Galicia, refírese á creación dunha comisión parlamentaria, que habería de integrarse por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, co fin de emitir o informe procedente comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación do Dereito civil propio de Galicia.

Cuestión distinta é a Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito civil galego, que non é un órgano integrado por parlamentarios, nin trae causa do devandito mandado da Lei de Dereito civil de Galicia. Trátase dun órgano consultivo da Xunta de Galicia (encadrado na consellería con competencias en materia de xustiza) que realiza os estudos e emite os ditames e informes que lle son solicitados pola Administración Autonómica en diversas materias, entre as cales se atopan a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego, aínda que tamén sobre ‘normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos’ que lle sexan encomendados por conduto do titular da Consellería en materia de Xustiza.

Así se fixo, por exemplo, recentemente coa emisión do informe sobre o posible encaixe, dentro das competencias autonómicas en materia de dereito civil especial, da actuación lexislativa



sobre corresponsabilidade parental e relacións familiares no cese da convivencia, e máis recentemente, co ditame solicitado á Comisión pola Consellería do Medio Rural con respecto á posibilidade de regulación polo lexislador galego da titularidade dos bens abandonados e sen dono coñecido.

As últimas reunións desta Comisión tiveron lugar, por unha banda, nos meses de abril e maio do pasado ano de 2018, e pola outra o 14 de marzo e mais o 4 de xullo de 2019.

No último encontro abordouse, por unha banda, a creación de varios grupos de traballo que teñen como obxectivo revisar a aplicación do dereito vixente en Galicia. Os temas de estudo intégranse en 4 Seccións Técnicas: montes, contratos e demais dereitos reais, sucesións e unións de feito. Respecto da última relatoría, evidenciouse a necesidade de tratar as situacións e efectos xurídicos das parellas de feito inscritas no Rexistro autonómico.

Por outra banda, nesa mesma xuntanza, tamén se abordou a proposición de Lei de Recuperación e posta en valor da Terra Produtiva de Galicia na que está a traballar a Consellería do Medio Rural, co obxectivo de favorecer a mobilización da terra produtiva de Galicia, poñendo en conexión a oferta e a demanda de terra, con instrumentos que garantan a seguridade xurídica dos investimentos e foi aprobado o anteriormente mencionado informe sobre a adecuación do proxecto ao Dereito civil de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54966
Data envío: 03/09/2019 15:21:00.014

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:20:56

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55062

Data envío: 04/09/2019 15:12:381

Data 04/09/2019 15:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39568** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona María Isabel Novo Fariña e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para potenciar o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención da Axencia Galega de Emerxencias”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 22 de maio de 2019 no debate da iniciativa con número de rexistro 43932, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-1-institucional-administracion-xeral-xustiza-interior-2019-05-22?part=543fff81-0d2b-4e45-a113-6d70128a9963&start=53>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55062
Data envío: 04/09/2019 15:12:12.381

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2019 15:12:04

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 43827** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“os prazos para a posta en marcha e a xestión do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense, as medidas que vai a adoptar no inmediato a Xunta de Galicia para solucionar a falta de prazos residenciais e o número de ourensás atendidas en centros doutras provincias”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Polo seu orzamento, a licitación deste equipamento obriga á súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), polo que se prevé que haxa un elevado número de propostas para participar no contrato.

Prevese a licitación este equipamento para o último trimestre de 2019, e agárdase que as obras de construción do centro comeceen no ano 2020.

O CAPD de Ourense será un centro público con prazas públicas.

Con este proxecto Ourense vai contar cun centro que incrementará nun 35% o número de prazas públicas de atención á discapacidade que se ofrecen nesta cidade: desde 316 ata 426”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54880
Data envío: 03/09/2019 09:04:38.981

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:04:35

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 44090**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso durante a X lexislatura dunha lei galega específica de protección á infancia e a data estimada para a posta en marcha da Estratexia galega da infancia e Adolescencia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 424, do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Dentro dos compromisos derivados do Pacto Galego pola Infancia, a Xunta de Galicia desenvolveu accións normativas, de sensibilización e promoción dos dereitos dos nenos e tamén de prevención e detección do maltrato infantil.

Co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a situación da infancia en Galicia e propoñer actuacións para mellorar a situación dos nenos e nenas de Galicia, o 29 de abril de 2019 o Diario Oficial de Galicia publica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

A través da creación deste Observatorio perséguese coñecer as características da infancia en Galicia, para poder marcar as políticas sociais destinadas á súa optimización.

Na actualidade estase traballando na constitución do Pleno deste Observatorio que comezará os seus traballos no último trimestre do 2019.

Pola súa banda, a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA) concíbese como un instrumento de planificación integral de políticas sociais de infancia para Galicia, que contempla, ademais das prioridades para a infancia e adolescencia galegas, os principios e orientacións emanadas do II PENIA e do futuro III PENIA.



A EGIA estrutúrase en catro liñas estratéxicas destinadas á promoción dos dereitos e a participación, ao dereito a un crecemento equilibrado e saudable, á intervención en situación de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social e á mellora da calidade do sistema e a práctica institucional. Incorpora a perspectiva de infancia e adolescencia como enfoque transversal, o que implica valorar o deseño das políticas públicas en base aos dereitos das nenas, nenos e adolescentes.

Coa formulación desta Estratexia a Xunta de Galicia pretende visibilizar ás nenas, nenos e adolescentes como suxeitos activos de dereitos e deberes, recoñecendo o seu dereito a ser escoitados e a participar activamente en todos as ordes da vida familiar, educativa e social.

Na súa elaboración partiuse dun estudo da normativa de referencia na materia, da revisión de ferramentas de planificación estratéxica a nivel europeo e estatal e realizouse unha recollida estandarizada e sistemática da información procedente de todos os departamentos do Goberno galego. É froito dun proceso de participación activa e coordinada de todos os departamentos da Xunta de Galicia e das entidades que traballan directamente no ámbito da infancia e a adolescencia, que realizaron importantes achegas e suxestións, propoñendo medidas concretas fundamentais para dar cumprimento ao principio xeral da transversalidade das actuacións en favor da infancia.

Como anteriormente referimos, a planificación da actuación de política social, en materia de infancia e adolescencia, enmárcase na EGIA, na cal prevese a participación de todos os departamentos da Xunta con capacidade de actuación en materia de atención a nenas e nenos e adolescentes ademais doutros organismos e entidades, para o cal, ten en conta os distintos plans sectoriais que existen nos diferentes ámbitos, como o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, o Plan para dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

A EGIA 2018-2020 é un documento con plena vixencia na actualidade, xa que comprende actuacións cunha cronoloxía de execución que xa se están desenvolvendo nos diferentes departamentos ou cuxa execución esta planificada para os vindeiros meses.

A propia Estratexia contén indicadores para realizar a correspondente avaliación no seu momento.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55060
Data envío: 04/09/2019 15:11:53.131

Pola súa banda, o artigo 4 da Convención de Dereitos do Neno, de 20 de novembro de 1989, establece: Os Estados Partes adoptarán todas as medidas administrativas, lexislativas e doutra índole para dar efectividade aos dereitos recoñecidos na presente Convención. No que respecta aos dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados Partes adoptarán esas medidas ata o máximo dos recursos de que dispoñan e, cando sexa necesario, dentro do marco da cooperación internacional.

Traballar sobre a base do orzamento de infancia é un desafío recente ás observacións do Comité dos Dereitos do Neno do 2010, das observacións complementarias dos anos 2015 e a recente de 2018. As citadas observacións propoñen a necesidade de que os orzamentos teñen que ser suficientes, eficientes, eficaces, equitativos e sustentables e en infancia hai que atender aos dereitos do neno.

Insisten á súa vez, en que os dereitos hai que telos presentes durante todo o proceso orzamentario, desde o deseño ata a execución e a avaliación.

Neste sentido, a Xunta de Galicia comezou as tarefas para elaborar o Informe en clave de infancia sobre os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55060
Data envío: 04/09/2019 15:11:53.131

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2019 15:11:35

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 44627**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego de impulsar a creación dun punto de encontro familiar na comarca do Salnés, así como de novos centros deste tipo”**, (publicada no BOPG número 428, do 7 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan son atendidas con total axilidade e na actualidade estanse atendendo máis de 700 casos en toda Galicia.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.

Neste senso, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no Concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias.



O Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, establece que os PEF se constitúen como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade, e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro familiar contan co persoal esixido polo referido decreto, e ademais nos puntos de encontro de máxima actividade como son os de Vigo, Santiago e Coruña aumentouse o persoal esixido, pasando de 3 a 4 profesionais, realizándose o reforzo necesario para a correcta atención dos casos.

A Xunta de Galicia foi incrementando anualmente o orzamento destinado a estes centros, ata chegar no ano 2019 a 723.609,62 euros para o funcionamento deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54968
Data envío: 03/09/2019 15:58:11.592

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:58:07

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54951

Data envío: 03/09/2019 15:18:123

Data 03/09/2019 15:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 46411**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos aos convenios asinados, así como as subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ao Concello de Lugo no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 438, do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“En relación cos datos referidos aos convenios asinados, así como as subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ao concello de Lugo, trasladamos a información dispoñible ao respecto:

- CONVENIOS:

1) Convenio co Concello de Lugo para a xestión de comedor escolar en 8 centros CEIPs: Alteiros, Anexa, As Mercedes, Illa Verde, Menéndez Pelayo, Luis Pimentel, Rosalía de Castro e Sagrado Corazón para os cursos 2017-2018 e 2018-2019 por un importe total de 89.000,00€, dos que 14.000,00€ corresponden á anualidade 2017.

2) Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e Concello de Lugo, para a construción dun novo CEIP no polígono do Sagrado Corazón. Sen contía económica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54951
Data envío: 03/09/2019 15:18:18.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:18:14

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54969

Data envío: 03/09/2019 15:59:34.280

Data 03/09/2019 15:59

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 46412**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos aos convenios asinados, así como as subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 438, do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“Dos concellos polos que se pregunta salienta:

Convenio coa Fegamp para a limpeza no Concello de Cospeito do CPI Virxe do Monte, por importe de 19.041,15 €”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54969
Data envío: 03/09/2019 15:59:34.280

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:59:30

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54950

Data envío: 03/09/2019 15:16:47.561

Data 03/09/2019 15:16

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 46413**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos aos convenios asinados, así como as subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 438, do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“Dos concellos polos que se pregunta citar:

Convenio coa FEGAMP para a limpeza dos CPI segundo, concellos, centros e importes que a continuación se detallan na anualidade 2017:

- Concello de Baralla, CPI Diaz Moreno; 19.186,75€
- Concello de Castroverde, CPI Castroverde; 15.958,49€
- Concello de Guntín, CPI Tino Grandío; 19.655,99€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54950
Data envío: 03/09/2019 15:16:47.561

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:16:43

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54949

Data envío: 03/09/2019 15:16:33,764

Data 03/09/2019 15:16

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 46414**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos aos convenios asinados, así como as subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aos concellos de Meira, Muras, A Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 438, do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“Dos concellos polos que se pregunta só citar a única axuda concedida:

Concello de Meira, Orde pola que se convocan axudas a escolas de música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, importe 3.517,36 €”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1

175178

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/09/2019 15:16:09

CSV: BOPGDSPGUMLM6YTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54949
Data envío: 03/09/2019 15:16:33.764

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:16:09

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54869
Data envío: 03/09/2019 09:02:39.700
Data 03/09/2019 09:02

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 50738**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa non admisión, pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, do recurso de casación interposto contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento especial de protección do dereito de emisión a Cuac FM na frecuencia modulada”**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre sinalar que foi a propia Administración Xeral do Estado a que, a través da Inspección Provincial do Servizo de Telecomunicacións, levantou un acta de infracción a Cuac FM por emitir sen licencia.

Esta acta de infracción foi remitida a Secretaría Xeral de Medios que veuse obrigada a incoar un expediente sancionador en cumprimento do que esixe a Lei.

En calquera caso, despois da correspondente instrución, non se impuxo sanción dadas as dúbidas que podería ofrecer a interpretación das normas que regulan este tipo de emisoras e a falta de desenvolvemento regulamentario por parte da Administración estatal.

Por outra banda, temos que aclarar que, non hai ningún procedemento especial de protección do dereito de emisión, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, á que se fai referencia, foi ditada no procedemento especial de protección de dereitos fundamentais da persoa que trata de salvagardar os dereitos fundamentais e liberdades públicas recollidas na Constitución.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 3

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/09/2019 09:02:36

175180

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A liberdade de expresión e información, canalízase neste caso a través dun medio que utiliza un recurso escaso como é o espectro radioeléctrico, de aí que esta singularidade xustifique e serva de lexitimación á administración para exercer as súas competencias sancionadoras por canto se está a utilizar o dominio público radioeléctrico sen dispor de licenza para poder emitir como é preceptivo de acordo ao que esixe a Lei General de Comunicación Audiovisual.

Se a administración considera que unha sentenza revoga unha decisión administrativa que entende é correcta, ten a obriga de recurrila xudicialmente posto que, en aplicación da lei, lle corresponde defender os intereses xerais.

E iso foi o que precisamente se fixo.

Á Administración Xeral do Estado correspóndelle non só a regulación básica da prestación destes servizos senón tamén a habilitación das frecuencias correspondentes para poder realizar as emisións, condicións necesarias para que a Xunta poda outorgar as licenzas que permitan emitir a este tipo de emisoras sen ánimo de lucro.

O Goberno galego respecta, como non podería ser doutro xeito, a liberdade de expresión e información, pero ao mesmo tempo está obrigado a velar polo cumprimento da Lei.

Esta liberdade de expresión e información canalízase a través dun medio que utiliza o espectro radioeléctrico, polo que faise necesario o outorgamento previo dunha concesión de dominio público radioeléctrico -que corresponde á Administración Xeral del Estado- para que a Xunta de Galicia poda outorgar a licenza que permita operar a este tipo de emisoras.

Reiteramos que foi a propia Administración Xeral do Estado a que levantou un acta de infracción a Cuac FM por emitir sen licencia. A Secretaría Xeral de Medios, cumprindo coa Lei, incoou expediente sancionador.

En calquera caso, despois da correspondente instrución, non se impuxo sanción dada as dúbidas que podería ofrecer a interpretación das normas que regulan este tipo de emisoras e a falta de desenvolvemento regulamentario por parte da Administración estatal.

A Xunta de Galicia non pode outorgar ningún tipo de autorización para seguir emitindo, posto que carece de competencia para elo. Como xa se apuntou, na medida en se fai uso do dominio público radioeléctrico, calquera tipo de autorización provisional, como así solicitaba CUAC, corresponde á Administración Xeral do Estado.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54869
Data envío: 03/09/2019 09:02:39.700

Dende un primeiro momento, a Xunta de Galicia amosou a súa vontade de avanzar na regulación destes servizos, dando traslado á Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda dixital do interese de Cuac FM de emitir contidos propios dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro. Neste senso, remitiulle todos os escritos presentados por Cuac FM, e trasladoulle senllas mocións, nese senso, aprobadas en pleno polo Concello e a Deputación provincial da Coruña, respectivamente.

Na súa resposta, a Administración Central alegou razóns de carácter técnico que imposibilitaban a posta en marcha dese tipo de servizos.

O Goberno galego estará ao que dispón á Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que, se ben recoñece a Cuac a vixencia dunha garantía temporal de emisión, ao mesmo tempo engade no seu fundamento segundo e tamén no apartado cuarto do fallo, o seguinte: *‘en tanto pola administración demandada non se dite resolución que, de forma motivada e clara, se pronuncie sobre a falta de vixencia de dita garantía temporal de emisión.’*

Por conseguinte, de conformidade coa sentenza ditada, facúltase á administración autonómica para ditar a resolución que mellor proceda en dereito.

As partes asumirán o pago das custas procesais de conformidade co pronunciamento do Tribunal Supremo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54869
Data envío: 03/09/2019 09:02:39.700

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:02:36

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55057
Data envío: 04/09/2019 15:10:57.490
Data 04/09/2019 15:10

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 51440**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgún estudo para avaliar o impacto do uso de herbicidas con glisofato nos sectores agrarios e, en particular, na apicultura, as medidas previstas para evitar o seu uso, así como as súas intencións en relación co abandono do seu uso na rede viaria e a realización dalgunha xestión diante do Goberno central e as administracións locais para ese fin”**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías do Medio Rural e Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade, o glifosato conta con autorización por parte da Unión Europea ate o ano 2022, polo que se trata dun produto legal. Recoméndase o baixo uso de praguicidas químicos, dando prioridade, cando sexa posible, a métodos non químicos.

Co respecto ao glifosato, a súa utilización está permitida para os usos establecidos no correspondente rexistro e por usuarios específicos tamén indicados no rexistro. Ademais, a súa utilización debe facerse baixo as indicacións establecidas no real decreto, ben para usos agrarios como non agrarios e coas obrigacións marcadas na correspondente ficha do rexistro de produtos fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Cómpre indicar, ademais, que a Xunta está a avaliar a viabilidade de adoptar medidas alternativas de control de vexetación nas estradas, blindando o obxectivo prioritario de garantir a seguridade viaria. A posible adopción destas accións alternativas á aplicación de herbicidas permitirían unha progresiva redución do seu uso.

A Axencia Galega de Infraestruturas, como órgano encargado do mantemento das vías autonómicas, leva a cabo actuacións para o control da vexetación nas marxes das estradas



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
04/09/2019 15:10:32

175184

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55057
Data envío: 04/09/2019 15:10:57.490

para manter a funcionalidade da rede, garantido a seguridade co mantemento da visibilidade para os condutores e do espazo libre de tránsito para os peóns. Este é o obxectivo das campañas de control da vexetación que periodicamente se levan a cabo nas estradas autonómicas, sempre cumprindo coa normativa vixente, esixindo a utilización de produtos autorizados que son estendidos por persoal especializado e só cando as condicións climatolóxicas son as idóneas para acadar un efecto localizado sobre a vexetación máis próxima ás estradas.

O glifosato está autorizado pola Unión Europea, tal como establece o Regulamento de execución (UE) 2017/2324 da Comisión do 12 de decembro de 2017. Un produto que tamén está a ser empregado pola Administración do Estado nas estradas da súa titularidade e por entidades locais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55057
Data envío: 04/09/2019 15:10:57.490

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2019 15:10:31

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:44
Nº Rexistro: 54769
Data envío: 02/09/2019 10:04:44.932
Data 02/09/2019 10:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41771** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre “ **as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a perda de postos de traballo e da capacidade produtiva na empresa Ferroatlántica**”, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 41768 que tivo lugar na sesión plenaria do 13 de marzo de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=3909>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:44
Nº Rexistro: 54769
Data envío: 02/09/2019 10:04:44.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:04:41

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:19
Nº Rexistro: 54766
Data envío: 02/09/2019 10:04:19.760
Data 02/09/2019 10:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 42210**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo”**, (publicada no BOPG número 410, do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

A Consellería do Medio Rural informa que esta pregunta xa foi respondida polo director xeral de Desenvolvemento Rural na Comisión 3ª o pasado 23 de maio de 2019, dando resposta á pregunta 42209.

O link á resposta da pregunta é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2019-05-23?part=64be9e13-f041-4650-848f-8af4f17519de&start=41>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:19
Nº Rexistro: 54766
Data envío: 02/09/2019 10:04:19.760

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:04:15

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42266**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para impulsar a responsabilidade social empresarial entre as pequenas e medianas empresas galegas”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 42265 que tivo lugar na sesión do 9 de maio de 2019 da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emplego-2019-05-09?part=7f473cb2-86c6-48ec-a4e2-808ad3e4f559&start=7236>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:03:47
Nº Rexistro: 54763
Data envío: 02/09/2019 10:03:47.447

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:03:43

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:03:39
Nº Rexistro: 54762

Data envío: 02/09/2019 10:03:39.166

Data 02/09/2019 10:03

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 42273** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para mellorar o transporte ferroviario entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á interpelación número 42269, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada os días 7 e 8 de maio.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou o traballo continuado da Xunta para defender ante o Ministerio de Fomento, titular das competencias en ferrocarril, unha continua mellora das infraestruturas e servizos que operan en Galicia.

Avanzou, ademais, que a Xunta lle propondrá ao Ministerio de Fomento colaborar para estender a todos os servizos ferroviarios de media distancia en Galicia o uso da tarxeta de Transporte Metropolitano como medio de pago vantaxoso. Esta medida xa funciona na área de transporte de Ferrol no caso do FEVE. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade informou de que a Xunta xa se dirixiu a Renfe para propoñerlle colaborar para fomentar a interoperatividade dos medios de pago do tren



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



e o autobús, e que este será un asunto que se porá enriba da mesa na primeira reunión con responsables de Fomento do novo Goberno.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?part=615b03f5-86e0-4b0e-833c-210677fd0897&start=12781>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?part=615b03f5-86e0-4b0e-833c-210677fd0897&start=13751>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:03:39
Nº Rexistro: 54762
Data envío: 02/09/2019 10:03:39.166

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:03:34

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54884

Data envío: 03/09/2019 09:05:09.731

Data 03/09/2019 09:05

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 42536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luísa Pierres López, sobre **“a consideración polo Goberno galego da efectividade dos servizos de transporte a demanda”**, (publicada no BOPG número 414, do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“O transporte baixo demanda é un modelo previsto no marco do Plan de Transporte Público de Galicia, posto inicialmente en marcha coa implantación dos novos servizos de transporte adxudicados no segundo semestre de 2017.

Con esta iniciativa acádase o obxectivo de facer viable unha oferta de servizos de transporte que non sería posible sen un funcionamento baixo demanda. Grazas a este sistema, son moitos os núcleos de poboación que dispoñen dunha oferta de transporte público garantida pola súa prestación baixo demanda.

Para a súa xestión, prevese a introdución progresiva de diferentes funcionalidades, destacando xa a posta en marcha, desde o 21 de decembro de 2017, dun sistema telefónico de reserva ou peticións de servizo, acompañado da remisión a todos os concellos da Comunidade Autónoma con paradas baixo demanda da información completa dos servizos prestados deste xeito e da propia operativa das reservas.

Este sistema complementouse cunha web de información dos propios servizos, bus.gal, e prevese que progresivamente se habiliten novas funcionalidades que se sumarán ás iniciativas que se incorporarán no marco dos novos contratos do Plan de Transporte Público de Galicia.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2



Como conclusión, á vista da satisfactoria experiencia que supuxo a implantación de servizos baixo demanda no Plan de Transporte Público de Galicia en 2017, vaise manter ese modelo de prestación de servizos no marco dos novos contratos e estendelo a outras zonas de Comunidade Autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54884
Data envío: 03/09/2019 09:05:09.731

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:05:06

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54961
Data envío: 03/09/2019 15:20:21.483
Data 03/09/2019 15:20

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 42831**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“a retirada da concesión a dúas empresas de Transporte Público de Galicia”**, (publicada no BOPG número 414, do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Fai referencia a iniciativa a expedientes de resolución de dous contratos de concesión de servizo público de transporte regular de uso xeral de viaxeiros por estrada incoados e resoltos pola Xunta de Galicia debido a incumprimentos por parte dos seus respectivos contratistas, concretamente, os correspondentes aos contratos XG533 e XG535.

Segundo se indica nas correspondentes resolucións, o adxudicatario do contrato XG533 incumpriu as obrigas de adscrición e subrogación de persoal contidas nas cláusulas 1.9.1.1, 1.9.1.2, 1.9.1.3, 1.9.1.4 e 1.9.1.5 do prego de condicións; e o adxudicatario do XG535 incumpriu as obrigas de adscrición de vehículos segundo o previsto no punto 2.5.1 do prego de condicións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54961
Data envío: 03/09/2019 15:20:21.483

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:20:17

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43535** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración por parte da Xunta de Galicia da suficiencia do número de puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.



Neste sentido, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54960
Data envío: 03/09/2019 15:20:13.717

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:20:10

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43724** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da inclusión, no proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, de solucións efectivas para os novos perfís da pobreza establecidos durante a crise económica”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), publicouse no DOG o 1 de marzo de 2019, e está en vigor dende o día 21 dese mesmo mes.

A norma non se empezou a redactar ata transcorrer un prazo razoable da entrada en vigor da lei, precisamente para poder recoller nela solucións e adaptacións daqueles aspectos do texto normativo que presentaban algún problema na súa aplicación práctica (simplificación da tramitación administrativa, mellora dos formularios e modelos de documentos, así como a súa posibles substitución por consultas a través de plataformas de interoperabilidade, adaptación da aplicación informática necesaria para a súa xestión...).

Ao mesmo tempo, ao coincidir cun período de crise económica, considerouse prioritaria a posta en marcha de novas medidas e programas de axuda que puidesen incidir directamente na mellora da situación das persoas máis desfavorecidas, en espera da mellora do contexto económico. Por outra banda, tamén foi necesario investir tempo a busca dun consenso no seu contido esencial, e a propia complexidade da Lei que desenvolve fixo preciso dedicarlle tempo a elaboración do correspondente texto normativo antes de poñer en marcha o procedemento para a súa aprobación.

Na tramitación do decreto posibilitouse a participación activa dos e das cidadáns/ás e das entidades e axentes sociais máis representativos, en diversas ocasións e en todas as súas fases, mediante os trámites de consulta previa, información e audiencia pública, nas que se recolleron



alegacións que se incorporaron ao seu contido, e ás que se deu resposta en informes detallados de cada fase. Ao mesmo tempo solicitáronse tamén os informes preceptivos dos departamentos con competencias en materias que teñen incidencia no contido do decreto, e así mesmo someteuse ao ditame do Consello Galego de Benestar Social, que emitiu informe favorable á norma.

A entrada en vigor do decreto supón importantes melloras para os perceptores da prestación, recollendo as principais propostas realizadas polas entidades de loita contra a pobreza e outros axentes sociais, pero a principal novidade que traerá consigo é a posta en marcha de dous novos tramos da prestación: o de inserción e o de transición ao emprego, tal como recolle a lei de inclusión.

Este deseño modular da prestación é un enfoque novidoso, moi recoñecido en diferentes foros estatais. Supón o establecemento dunha coordinación efectiva entre os servizos sociais e os de emprego, en liña coas recomendacións da Comisión Europea, por supoñer un apoio decidido ao emprego das persoas con maiores dificultades, principal obxectivo a acadar.

Ademais, a norma establece solucións adaptadas ao contexto actual. Deste xeito, por exemplo, xa non é necesario atoparse en desemprego para acceder a unha RISGA, senon que pode simultanearse co salario no caso dos empregos precarios. Así mesmo, flexibilizáronse os requisitos de convivencia e, por exemplo, dúas unidades de convivencia diferentes poden convivir nun mesmo domicilio compartindo o aluguer (ou baixo calquera outro título xurídico válido), permitindo ademais que as dúas persoas poidan disfrutar do complemento de aluguer íntegramente, e mesmo compatibilizalo co resto de axudas ao aluguer (bono aluguer do IGVS)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54883
Data envío: 03/09/2019 09:05:02.044

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:04:58

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 43818**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da creación de novos puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 417, do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.

Neste senso, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54958
Data envío: 03/09/2019 15:19:59.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:19:55

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54956

Data envío: 03/09/2019 15:19:44.702

Data 03/09/2019 15:19

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 44088**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade dunha lei galega específica de protección á infancia”**, (publicada no BOPG número 423, do 31 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Dentro dos compromisos derivados do Pacto Galego pola Infancia, a Xunta de Galicia desenvolveu accións normativas, de sensibilización e promoción dos dereitos dos nenos e tamén de prevención e detección do maltrato infantil.

Co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a situación da infancia en Galicia e propoñer actuacións para mellorar a situación dos nenos e nenas de Galicia, o 29 de abril de 2019 o Diario Oficial de Galicia publica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

A través da creación deste Observatorio perséguese coñecer as características da infancia en Galicia, para poder marcar as políticas sociais destinadas á súa optimización.

Na actualidade estase traballando na constitución do Pleno deste Observatorio que comezará os seus traballos no último trimestre do 2019.

Pola súa banda, a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA) concíbese como un instrumento de planificación integral de políticas sociais de infancia para Galicia, que contempla, ademais das prioridades para a infancia e adolescencia galegas, os principios e orientacións emanadas do II PENIA e do futuro III PENIA.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 3



A EGIA estrutúrase en catro liñas estratéxicas destinadas á promoción dos dereitos e a participación, ao dereito a un crecemento equilibrado e saudable, á intervención en situación de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social e á mellora da calidade do sistema e a práctica institucional. Incorpora a perspectiva de infancia e adolescencia como enfoque transversal, o que implica valorar o deseño das políticas públicas en base aos dereitos das nenas, nenos e adolescentes.

Coa formulación desta Estratexia a Xunta de Galicia pretende visibilizar ás nenas, nenos e adolescentes como suxeitos activos de dereitos e deberes, recoñecendo o seu dereito a ser escoitados e a participar activamente en todos as ordes da vida familiar, educativa e social.

Na súa elaboración partiuse dun estudo da normativa de referencia na materia, da revisión de ferramentas de planificación estratéxica a nivel europeo e estatal e realizouse unha recollida estandarizada e sistemática da información procedente de todos os departamentos do Goberno galego. É froito dun proceso de participación activa e coordinada de todos os departamentos da Xunta de Galicia e das entidades que traballan directamente no ámbito da infancia e a adolescencia, que realizaron importantes achegas e suxestións, propoñendo medidas concretas fundamentais para dar cumprimento ao principio xeral da transversalidade das actuacións en favor da infancia.

Como anteriormente referimos, a planificación da actuación de política social, en materia de infancia e adolescencia, enmárcase na EGIA, na cal prevese a participación de todos os departamentos da Xunta con capacidade de actuación en materia de atención a nenas e nenos e adolescentes ademais doutros organismos e entidades, para o cal ten en conta os distintos plans sectoriais que existen nos diferentes ámbitos, como o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, o Plan para dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

A EGIA 2018-2020 é un documento con plena vixencia na actualidade, xa que comprende actuacións cunha cronoloxía de execución que xa se están desenvolvendo nos diferentes departamentos ou cuxa execución esta planificada para os vindeiros meses.






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54956
Data envío: 03/09/2019 15:19:44.702



A propia Estratexia contén indicadores para realizar a correspondente avaliación no seu momento.

Pola súa banda, o artigo 4 da Convención de Dereitos do Neno, de 20 de novembro de 1989, establece: Os Estados Partes adoptarán todas as medidas administrativas, lexislativas e doutra índole para dar efectividade aos dereitos recoñecidos na presente Convención. No que respecta aos dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados Partes adoptarán esas medidas ata o máximo dos recursos de que dispoñan e, cando sexa necesario, dentro do marco da cooperación internacional.

Traballar sobre a base do orzamento de infancia é un desafío recente ás observacións do Comité dos Dereitos do Neno do 2010, das observacións complementarias dos anos 2015 e a recente de 2018. As citadas observacións propoñen a necesidade de que os orzamentos teñen que ser suficientes, eficientes, eficaces, equitativos e sustentables e en infancia hai que atender aos dereitos do neno.

Insisten á súa vez, en que os dereitos hai que telos presentes durante todo o proceso orzamentario, desde o deseño ata a execución e a avaliación.

Neste sentido, a Xunta de Galicia comezou as tarefas para elaborar o Informe en clave de infancia sobre os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54956
Data envío: 03/09/2019 15:19:44.702

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:19:41

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54953

Data envío: 03/09/2019 15:18:32.998

Data 03/09/2019 15:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 44628**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outras/os deputadas/os do mesmo grupo,, sobre **“as previsións do Goberno galego de impulsar a creación dun punto de encontro familiar na comarca do Salnés”**, (publicada no BOPG número 427, do 6 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan son atendidas con total axilidade e na actualidade estanse atendendo máis de 700 casos en toda Galicia.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.

Neste senso, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no Concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2



O Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, establece que os PEF se constitúen como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade, e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro familiar contan co persoal esixido polo referido decreto, e ademais nos puntos de encontro de máxima actividade como son os de Vigo, Santiago e Coruña aumentouse o persoal exixido, pasando de 3 a 4 profesionais, realizándose o reforzo necesario para a correcta atención dos casos.

A Xunta de Galicia foi incrementando anualmente o orzamento destinado a estes centros, ata chegar no ano 2019 a 723.609,62 euros para o funcionamento deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54953
Data envío: 03/09/2019 15:18:32.998

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:18:29

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54878

Data envío: 03/09/2019 09:04:24.497

Data 03/09/2019 09:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 45045**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para o avance no desenvolvemento do trazado ferroviario da saída sur de Vigo”**, (publicada no BOPG número 427, do 6 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“A Xunta vén mantendo unha actitude reivindicativa e activa para acadar a mellora das comunicacións ferroviarias entre Galicia e a rexión norte de Portugal e, entre outras cuestións, ten demandado ao Goberno estatal, anterior e actual, e ante as institucións europeas, a mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, a mellora da actual liña Vigo-fronteira portuguesa, así como a eliminación do paso a nivel do Porriño.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada saída sur de Vigo forma parte do trazado da rede básica europea de transportes, polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios da próxima convocatoria do Mecanismo Conectar Europa. Este trazado suporá a eliminación do paso a nivel na localidade do Porriño.

O feito de que a saída sur de Vigo sexa corredor da rede TEN-T habilita ao Estado español a dispor de fondos comunitarios, que se asignan en concorrencia competitiva. Desde a Xunta



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2



tense trasladado ao Ministerio de Fomento a necesidade de redactar, canto antes, proxectos de calidade que pór enriba da mesa para demandar de Bruxelas o financiamento necesario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54878
Data envío: 03/09/2019 09:04:24.497

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:04:20

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54870

Data envío: 03/09/2019 09:03:01.887

Data 03/09/2019 09:02

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 50736**, formulada polo Grupo Parlamentario polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da non admisión polo Tribunal Supremo do recurso de casación interposto contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento especial de protección do dereito de emisión a Cuac FM na frecuencia modulada”**, (publicada no BOPG número 486, do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre sinalar que foi a propia Administración Xeral do Estado a que, a través da Inspección Provincial do Servizo de Telecomunicacións, levantou un acta de infracción a Cuac FM por emitir sen licencia.

Esta acta de infracción foi remitida a Secretaría Xeral de Medios que veuse obrigada a incoar un expediente sancionador en cumprimento do que esixe a Lei.

En calquera caso, despois da correspondente instrución, non se impuxo sanción dadas as dúbidas que podería ofrecer a interpretación das normas que regulan este tipo de emisoras e a falta de desenvolvemento regulamentario por parte da Administración estatal.

Por outra banda, temos que aclarar que, non hai ningún procedemento especial de protección do dereito de emisión, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, á que se fai referencia, foi ditada no procedemento especial de protección de dereitos fundamentais da persoa que trata de salvagardar os dereitos fundamentais e liberdades públicas recollidas na Constitución.



Xacobeo 2021





A liberdade de expresión e información, canalízase neste caso a través dun medio que utiliza un recurso escaso como é o espectro radioelétrico, de aí que esta singularidade xustifique e serva de lexitimación á administración para exercer as súas competencias sancionadoras por canto se está a utilizar o dominio público radioelétrico sen dispor de licenza para poder emitir como é preceptivo de acordo ao que esixe a Lei General de Comunicación Audiovisual.

Se a administración considera que unha sentenza revoga unha decisión administrativa que entende é correcta, ten a obriga de recurrila xudicialmente posto que, en aplicación da lei, lle corresponde defender os intereses xerais.

E iso foi o que precisamente se fixo.

Á Administración Xeral do Estado correspóndelle non só a regulación básica da prestación destes servizos senón tamén a habilitación das frecuencias correspondentes para poder realizar as emisións, condicións necesarias para que a Xunta poda outorgar as licenzas que permitan emitir a este tipo de emisoras sen ánimo de lucro.

O Goberno galego respecta, como non podería ser doutro xeito, a liberdade de expresión e información, pero ao mesmo tempo está obrigado a velar polo cumprimento da Lei.

Esta liberdade de expresión e información canalízase a través dun medio que utiliza o espectro radioelétrico, polo que faise necesario o outorgamento previo dunha concesión de dominio público radioelétrico -que corresponde á Administración Xeral del Estado- para que a Xunta de Galicia poda outorgar a licenza que permita operar a este tipo de emisoras.

Reiteramos que foi a propia Administración Xeral do Estado a que levantou un acta de infracción a Cuac FM por emitir sen licencia. A Secretaría Xeral de Medios, cumprindo coa Lei, incoou expediente sancionador.

En calquera caso, despois da correspondente instrución, non se impuxo sanción dada as dúbidas que podería ofrecer a interpretación das normas que regulan este tipo de emisoras e a falta de desenvolvemento regulamentario por parte da Administración estatal.

A Xunta de Galicia non pode outorgar ningún tipo de autorización para seguir emitindo, posto que carece de competencia para elo. Como xa se apuntou, na medida en se fai uso do dominio público radioelétrico, calquera tipo de autorización provisional, como así solicitaba CUAC, corresponde á Administración Xeral do Estado.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54870
Data envío: 03/09/2019 09:03:01.887

Dende un primeiro momento, a Xunta de Galicia amosou a súa vontade de avanzar na regulación destes servizos, dando traslado á Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda dixital do interese de Cuac FM de emitir contidos propios dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro. Neste senso, remitiulle todos os escritos presentados por Cuac FM, e trasladoulle senllas mocións, nese senso, aprobadas en pleno polo Concello e a Deputación provincial da Coruña, respectivamente.

Na súa resposta, a Administración Central alegou razóns de carácter técnico que imposibilitaban a posta en marcha dese tipo de servizos.

O Goberno galego estará ao que dispón á Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que, se ben recoñece a Cuac a vixencia dunha garantía temporal de emisión, ao mesmo tempo engade no seu fundamento segundo e tamén no apartado cuarto do fallo, o seguinte: *‘en tanto pola administración demandada non se dite resolución que, de forma motivada e clara, se pronuncie sobre a falta de vixencia de dita garantía temporal de emisión.’*

Por conseguinte, de conformidade coa sentenza ditada, facúltase á administración autonómica para ditar a resolución que mellor proceda en dereito.

As partes asumirán o pago das custas procesais de conformidade co pronunciamento do Tribunal Supremo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54870
Data envío: 03/09/2019 09:03:01.887

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:02:44

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54867
Data envío: 03/09/2019 09:02:05.012
Data 03/09/2019 09:01

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 51504**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro despois da sentenza do Tribunal Supremo en relación cos dereitos de emisión de Cuac FM”**, (publicada no BOPG número 489, do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“O Tribunal Supremo non ditou ningunha sentenza. O que fixo foi dar traslado dunha providencia pola que se acorda non admitir a trámite o recurso de casación presentado pola Xunta contra a sentenza do TSXG.

O Supremo non entra na interpretación que, con respecto á situación actual destas emisoras, debe dársele á regulación que se fai delas na actual Lei Xeral de Comunicación Audiovisual, habida conta de que está pendente o correspondente desenvolvemento regulamentario na materia por parte da Administración Xeral do Estado.

A Sentencia ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia refírese ao caso concreto de Cuac FM, polo que a Xunta de Galicia estará ao que se dispón nesa sentenza.

Indicar ademais, que as medidas que pode adoptar a Xunta de Galicia, limitadas ao outorgamento de licencias, teñen que vir precedidas doutras actuacións que lle corresponden á Administración xeral do Estado, como é a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario para que poidan operar ese tipo de emisoras.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/09/2019 09:01:39

175224

CSV: BOPGDSPGUMLM6YTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54867
Data envío: 03/09/2019 09:02:05.012

A Xunta de Galicia amosou, desde un principio, a súa vontade de avanzar na regulación destes servizos, dando traslado á Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda dixital o interese de Cuac FM de emitir contidos propios dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro. Neste senso, remitiulle todos os escritos presentados por Cuac, así como senllas mocións aprobadas polo Concello e a Deputación provincial da Coruña, respectivamente.

Na súa resposta, a Administración Central alegou razóns de carácter técnico que imposibilitaban a posta en marcha deste tipo de servizos.

É preciso insistir en que a Xunta de Galicia non pode outorgar ningún tipo de autorización para emitir, posto que carece de competencia para iso. O uso do dominio público radioeléctrico só pode ser autorizado pola Administración Xeral do Estado.

A esa Administración correspóndelle non só a regulación básica da prestación destes servizos (está pendente de aprobar, por parte do Estado, o desenvolvemento regulamentario do apartado da Lei referido ás emisoras comunitarias), senón tamén a habilitación das frecuencias correspondentes para poder realizar as emisións, condicións imprescindibles para que a Xunta de Galicia poda outorgar as licenzas que permitan explotar emisoras comunitarias sen ánimo de lucro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54867
Data envío: 03/09/2019 09:02:05.012

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:01:39

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54957

Data envío: 03/09/2019 15:19:51.795

Data 03/09/2019 15:19

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43846**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a ampliación da rede de puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 419, do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan nestes centros, son atendidas con total axilidade e na actualidade estanse a atender a máis de 700 casos en toda Galicia.

Por outro lado, estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2



Neste senso, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54957
Data envío: 03/09/2019 15:19:51.795

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:19:48

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54868

Data envío: 03/09/2019 09:02:32.091

Data 03/09/2019 09:02

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª- **número 51503**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro despois da sentenza do Tribunal Supremo en relación cos dereitos de emisión de Cuac FM, así como as medidas adoptadas ou previstas para garantir eses dereitos e o desenvolvemento da Lei 7/2010 e para asegurar o acceso á licenza”**, (publicada no BOPG número 489, do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“O Tribunal Supremo non ditou ningunha sentenza. O que fixo foi dar traslado dunha providencia pola que se acorda non admitir a trámite o recurso de casación presentado pola Xunta contra a sentenza do TSXG.

O Supremo non entra na interpretación que, con respecto á situación actual destas emisoras, debe dárselle á regulación que se fai delas na actual Lei Xeral de Comunicación Audiovisual, habida conta de que está pendente o correspondente desenvolvemento regulamentario na materia por parte da Administración Xeral do Estado.

A Sentencia ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia refírese ao caso concreto de Cuac FM, polo que a Xunta de Galicia estará ao que se dispón nesa sentenza.

Indicar ademais, que as medidas que pode adoptar a Xunta de Galicia, limitadas ao outorgamento de licencias, teñen que vir precedidas doutras actuacións que lle corresponden á Administración xeral do Estado, como é a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario para que poidan operar ese tipo de emisoras.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/09/2019 09:02:17

175230





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54868
Data envío: 03/09/2019 09:02:32.091

A Xunta de Galicia amosou, desde un principio, a súa vontade de avanzar na regulación destes servizos, dando traslado á Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda dixital o interese de Cuac FM de emitir contidos propios dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro. Neste senso, remitiulle todos os escritos presentados por Cuac, así como senllas mocións aprobadas polo Concello e a Deputación provincial da Coruña, respectivamente.

Na súa resposta, a Administración Central alegou razóns de carácter técnico que imposibilitaban a posta en marcha deste tipo de servizos.

É preciso insistir en que a Xunta de Galicia non pode outorgar ningún tipo de autorización para emitir, posto que carece de competencia para iso. O uso do dominio público radioeléctrico só pode ser autorizado pola Administración Xeral do Estado.

A esa Administración correspóndelle non só a regulación básica da prestación destes servizos (está pendente de aprobar, por parte do Estado, o desenvolvemento regulamentario do apartado da Lei referido ás emisoras comunitarias), senón tamén a habilitación das frecuencias correspondentes para poder realizar as emisións, condicións imprescindibles para que a Xunta de Galicia poda outorgar as licenzas que permitan explotar emisoras comunitarias sen ánimo de lucro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54868
Data envío: 03/09/2019 09:02:32.091

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:02:17

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42133** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o abastecemento de auga”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 42134, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 9 e 10 de abril de 2019.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?
part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=4190](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=4190)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?
part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=4521](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=4521)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:30
Nº Rexistro: 54767
Data envío: 02/09/2019 10:04:30.057

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:04:25

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42223** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado no que se atopa a estrada autonómica OU-533 e as previsións para acometer a súa mellora”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta oral en Pleno número 39303 e á pregunta oral en Comisión número 39304, convertidas en escritas por fin do período de sesións setembro-decembro de 2018, e tamén en resposta á pregunta escrita 39305, de similar contido e formuladas polo mesmo grupo parlamentario, cuxas respostas foron publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 421, do 29 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55061
Data envío: 04/09/2019 15:12:00.631

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2019 15:11:57

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54962

Data envío: 03/09/2019 15:20:29.467

Data 03/09/2019 15:20

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 42830**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“a retirada da concesión a dúas empresas de Transporte Público de Galicia”**, (publicada no BOPG número 414, do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre aclarar, en primeiro lugar, que non existen os expedientes de caducidade aos que se refire a iniciativa.

Trátase de expedientes de resolución de dous contratos de concesión de servizo público de transporte regular de uso xeral de viaxeiros por estrada incoados e resoltos pola Xunta de Galicia debido a incumprimentos por parte dos seus respectivos contratistas, concretamente, os correspondentes aos contratos XG533 e XG535.

Segundo se indica nas correspondentes resolucións, o adxudicatario do contrato XG533 incumpriu as obrigas de adscrición e subrogación de persoal contidas nas cláusulas 1.9.1.1, 1.9.1.2, 1.9.1.3, 1.9.1.4 e 1.9.1.5 do prego de condicións; e o adxudicatario do XG535 incumpriu as obrigas de adscrición de vehículos segundo o previsto no punto 2.5.1 do prego de condicións.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54962
Data envío: 03/09/2019 15:20:29.467

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:20:25

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 43241** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ás causas da baixada que presenta desde o ano 2013 o número de viaxeiros na liña A Coruña-Ferrol, a avaliación que fai en relación co seu estado e as actuacións levadas a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a traballar con determinación para o impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol a fin de que os cidadáns se poidan beneficiar de mellores prestacións e de servizos máis útiles, eficientes e competitivos.

Desde a Xunta tense trasladado ao Ministerio de Fomento a necesidade da modernización das conexións ferroviarias entre A Coruña e Ferrol para que, ademais de permitir conectar a cidade departamental dun modo rápido e moderno co Eixo Atlántico ferroviario e co AVE á Meseta, se converta nun importante elemento estruturador das áreas urbanas da Coruña e Ferrol.

Neste empeño tense solicitado ao Ministerio de Fomento unha planificación estratéxica para avanzar neste obxectivo de modo firme e constante, establecendo fases sucesivas para o desenvolvemento das actuacións de tal xeito que a súa progresiva posta en servizo permita ir acurtando os tempos de percorrido. A este respecto cómpre sinalar a insistencia do Goberno galego na urxencia de que se acometa o baipás de Betanzos para reducir o tempo de viaxe do tren entre A Coruña e Ferrol.

Co ánimo de contribuír a que se atenda esta demanda por parte do Goberno de España, a Xunta elaborou o seu propio estudo de necesidades da liña A Coruña-Ferrol para identificar



as actuacións necesarias para modernizar a mesma. Ademais, a Xunta está actualmente cos estudos previos para a definición da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ferrol, nos que se analiza non só o deseño dunha futura estación intermodal, senón tamén as necesidades de modernización da liña para que se converta nun importante elemento de vertebración das áreas urbanas da Coruña e Ferrol.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:10:12
Nº Rexistro: 54782
Data envío: 02/09/2019 10:10:12.244

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:10:08

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54879

Data envío: 03/09/2019 09:04:31.434

Data 03/09/2019 09:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 45044**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“os informes e as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para o avance no desenvolvemento do trazado ferroviario da saída sur de Vigo”**, (publicada no BOPG número 428, do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“A Xunta vén mantendo unha actitude reivindicativa e activa para acadar a mellora das comunicacións ferroviarias entre Galicia e a rexión norte de Portugal e, entre outras cuestións, ten demandado ao Goberno estatal, anterior e actual, e ante as institucións europeas, a mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, a mellora da actual liña Vigo-fronteira portuguesa, así como a eliminación do paso a nivel do Porriño.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada saída sur de Vigo forma parte do trazado da rede básica europea de transportes, polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios da próxima convocatoria do Mecanismo Conectar Europa. Este trazado suporá a eliminación do paso a nivel na localidade do Porriño.

O feito de que a saída sur de Vigo sexa corredor da rede TEN-T habilita ao Estado español a dispor de fondos comunitarios, que se asignan en concorrencia competitiva. Desde a Xunta



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2



tense trasladado ao Ministerio de Fomento a necesidade de redactar, canto antes, proxectos de calidade que pór enriba da mesa para demandar de Bruxelas o financiamento necesario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54879
Data envío: 03/09/2019 09:04:31.434

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:04:28

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 42109**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración pola Consellería de Educación, Universidade e FP da Estratexia Galega de Convivencia-Educonvives 2015-2020”**, (publicada no BOPG número 411, do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 42110, debatida no Pleno da Cámara galega de data 26-27/02/2019, e á que nos remitimos porque serviu para explicar as accións en materia de convivencia escolar no curso 2018-19.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-27>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:37
Nº Rexistro: 54768
Data envío: 02/09/2019 10:04:37.541

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:04:34

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 43348** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia referida ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, á garantía do acceso con carácter universal e equidade no seu desenvolvemento, e os datos e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución Española, no seu artigo 149.1.1ª, atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes constitucionais. En base a esta competencia, o Consello de Ministros aproba a financiación do nivel mínimo de protección para a atención ás persoas en situación de dependencia atendidas no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Así o establece tamén o artigo 7.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. O artigo 9 da mesma lei establece que a financiación pública do nivel mínimo de protección garantido para cada beneficiario do Sistema, segundo o seu grao de dependencia correrá a conta da Administración Xeral do Estado.

O artigo 7 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia tamén establece no seu punto terceiro que a protección da situación de dependencia por parte do Sistema prestarase tamén de acordo co nivel adicional de protección que poida establecer cada Comunidade Autónoma. O artigo 11.2 da mesma lei tamén engade que as Comunidades Autónomas, de



conformidade co artigo 7, poderán definir, con cargo aos seus orzamentos, niveis de protección adicionais ao fixado pola Administración Xeral do Estado en aplicación do artigo 9, para as que poderán adoptar as normas de acceso e desfrute que consideren máis adecuadas.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias e con cargo aos seus orzamentos, pode definir, polo tanto, niveis de protección adicionais ao fixado polo Estado. Completado o primeiro obxectivo de ampliar o número de persoas en situación de dependencia atendidas, a Xunta de Galicia aposta pola seguinte prioridade, o aumento das coberturas establecendo un nivel de protección adicional con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que que permitiu elevar, entre outras, as libranzas de coidados no contorno familiar.

Estas medidas benefician ás persoas en situación de dependencia, tanto as que perciban na actualidade as libranzas obxecto de incremento coma as que as poidan percibir no futuro. A actualización das contías farase de oficio sen que a persoa en situación de dependencia teña que facer ningún trámite para elo. Ningunha das medidas propostas supuxo por tanto ningún prexuízo nin impuxo ningún tipo de obriga aos destinatarios da norma.

Respecto da súa tramitación, non hai constancia de retrasos significativos nos pagos das nóminas da libranza. Estas se tramitan a finais do mes e pode demorar uns días mentres se fiscalizan nas intervencións territoriais para tramitar o correspondente pago.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:10:54
Nº Rexistro: 54783
Data envío: 02/09/2019 10:10:54.057

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:10:49

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43536** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a valoración por parte da Xunta de Galicia da suficiencia do número de puntos de encontro familiar e as previsións para incrementar o seu número, reforzar os medios humanos e materiais dos que dispoñen e o incremento orzamentario preciso**”, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan son atendidas con total axilidade e na actualidade estanse atendendo máis de 700 casos en toda Galicia.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.



Neste senso, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias.

O Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, establece que os PEF se constitúen como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade, e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro familiar contan co persoal esixido polo referido decreto, e ademais nos puntos de encontro de máxima actividade como son os de Vigo, Santiago e Coruña aumentouse o persoal exixido, pasando de 3 a 4 profesionais, realizándose o reforzo necesario para a correcta atención dos casos.

A Xunta de Galicia foi incrementando anualmente o orzamento destinado a estes centros, ata chegar no ano 2019 a 723.609,62 euros para o funcionamento deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54959
Data envío: 03/09/2019 15:20:06.655

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:20:03

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43725** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do proceso de tramitación do Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), publicouse no DOG o 1 de marzo de 2019, e está en vigor dende o día 21 dese mesmo mes.

A norma non se empezou a redactar ata transcorrer un prazo razoable da entrada en vigor da lei, precisamente para poder recoller nela solucións e adaptacións daqueles aspectos do texto normativo que presentaban algún problema na súa aplicación práctica (simplificación da tramitación administrativa, mellora dos formularios e modelos de documentos, así como a súa posibles substitución por consultas a través de plataformas de interoperabilidade, adaptación da aplicación informática necesaria para a súa xestión...).

Ao mesmo tempo, ao coincidir cun período de crise económica, considerouse prioritaria a posta en marcha de novas medidas e programas de axuda que puidesen incidir directamente na mellora da situación das persoas máis desfavorecidas, en espera da mellora do contexto económico. Por outra banda, tamén foi necesario investir tempo a busca dun consenso no seu contido esencial, e a propia complexidade da Lei que desenvolve fixo preciso dedicarlle tempo a elaboración do correspondente texto normativo antes de poñer en marcha o procedemento para a súa aprobación.

Na tramitación do decreto posibilitouse a participación activa dos e das cidadáns/ás e das entidades e axentes sociais máis representativos, en diversas ocasións e en todas as súas fases,



mediante os trámites de consulta previa, información e audiencia pública, nas que se recolleron alegacións que se incorporaron ao seu contido, e ás que se deu resposta en informes detallados de cada fase. Ao mesmo tempo solicitáronse tamén os informes preceptivos dos departamentos con competencias en materias que teñen incidencia no contido do decreto, e así mesmo someteuse ao ditame do Consello Galego de Benestar Social, que emitiu informe favorable á norma.

A entrada en vigor do decreto supón importantes melloras para os perceptores da prestación, recollendo as principais propostas realizadas polas entidades de loita contra a pobreza e outros axentes sociais, pero a principal novidade que traerá consigo é a posta en marcha de dous novos tramos da prestación: o de inserción e o de transición ao emprego, tal como recolle a lei de inclusión.

Este deseño modular da prestación é un enfoque novidoso, moi recoñecido en diferentes foros estatais. Supón o establecemento dunha coordinación efectiva entre os servizos sociais e os de emprego, en liña coas recomendacións da Comisión Europea, por supoñer un apoio decidido ao emprego das persoas con maiores dificultades, principal obxectivo a acadar.

Ademais, a norma establece solucións adaptadas ao contexto actual. Deste xeito, por exemplo, xa non é necesario atoparse en desemprego para acceder a unha RISGA, senon que pode simultanearse co salario no caso dos empregos precarios. Así mesmo, flexibilizáronse os requisitos de convivencia e, por exemplo, dúas unidades de convivencia diferentes poden convivir nun mesmo domicilio compartindo o aluguer (ou baixo calquera outro título xurídico válido), permitindo ademais que as dúas persoas poidan disfrutar do complemento de aluguer íntegramente, e mesmo compatibilizalo co resto de axudas ao aluguer (bono aluguer do IGVS)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54882
Data envío: 03/09/2019 09:04:54.153

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:04:50

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43826** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“os prazos para a posta en marcha e a xestión do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense, as medidas que vai a adoptar no inmediato a Xunta de Galicia para solucionar a falta de prazos residenciais e o número de ourensás atendidas en centros doutras provincias”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Polo seu orzamento, a licitación deste equipamento obriga á súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), polo que se prevé que haxa un elevado número de propostas para participar no contrato.

Prevese a licitación este equipamento para o último trimestre de 2019, e agárdase que as obras de construción do centro comezan no ano 2020.

O CAPD de Ourense será un centro público con prazas públicas.

Con este proxecto Ourense vai contar cun centro que incrementará nun 35% o número de prazas públicas de atención á discapacidade que se ofrecen nesta cidade: desde 316 ata 426”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54881
Data envío: 03/09/2019 09:04:46.575

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:04:43

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 44089**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso durante a X lexislatura dunha lei galega específica de protección á infancia e a data estimada para a posta en marcha da Estratexia galega da infancia e Adolescencia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 422, do 30 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Dentro dos compromisos derivados do Pacto Galego pola Infancia, a Xunta de Galicia desenvolveu accións normativas, de sensibilización e promoción dos dereitos dos nenos e tamén de prevención e detección do maltrato infantil.

Co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a situación da infancia en Galicia e propoñer actuacións para mellorar a situación dos nenos e nenas de Galicia, o 29 de abril de 2019 o Diario Oficial de Galicia publica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

A través da creación deste Observatorio perséguese coñecer as características da infancia en Galicia, para poder marcar as políticas sociais destinadas á súa optimización.

Na actualidade estase traballando na constitución do Pleno deste Observatorio que comezará os seus traballos no último trimestre do 2019.

Pola súa banda, a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA) concíbese como un instrumento de planificación integral de políticas sociais de infancia para Galicia, que contempla, ademais das prioridades para a infancia e adolescencia galegas, os principios e orientacións emanadas do II PENIA e do futuro III PENIA.



A EGIA estrutúrase en catro liñas estratéxicas destinadas á promoción dos dereitos e a participación, ao dereito a un crecemento equilibrado e saudable, á intervención en situación de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social e á mellora da calidade do sistema e a práctica institucional. Incorpora a perspectiva de infancia e adolescencia como enfoque transversal, o que implica valorar o deseño das políticas públicas en base aos dereitos das nenas, nenos e adolescentes.

Coa formulación desta Estratexia a Xunta de Galicia pretende visibilizar ás nenas, nenos e adolescentes como suxeitos activos de dereitos e deberes, recoñecendo o seu dereito a ser escoitados e a participar activamente en todos as ordes da vida familiar, educativa e social.

Na súa elaboración partiuse dun estudo da normativa de referencia na materia, da revisión de ferramentas de planificación estratéxica a nivel europeo e estatal e realizouse unha recollida estandarizada e sistemática da información procedente de todos os departamentos do Goberno galego. É froito dun proceso de participación activa e coordinada de todos os departamentos da Xunta de Galicia e das entidades que traballan directamente no ámbito da infancia e a adolescencia, que realizaron importantes achegas e suxestións, propoñendo medidas concretas fundamentais para dar cumprimento ao principio xeral da transversalidade das actuacións en favor da infancia.

Como anteriormente referimos, a planificación da actuación de política social, en materia de infancia e adolescencia, enmárcase na EGIA, na cal prevese a participación de todos os departamentos da Xunta con capacidade de actuación en materia de atención a nenas e nenos e adolescentes ademais doutros organismos e entidades, para o cal ten en conta os distintos plans sectoriais que existen nos diferentes ámbitos, como o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, o Plan para dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

A EGIA 2018-2020 é un documento con plena vixencia na actualidade, xa que comprende actuacións cunha cronoloxía de execución que xa se están desenvolvendo nos diferentes departamentos ou cuxa execución esta planificada para os vindeiros meses.

A propia Estratexia contén indicadores para realizar a correspondente avaliación no seu momento.

Pola súa banda, o artigo 4 da Convención de Dereitos do Neno, de 20 de novembro de 1989, establece: Os Estados Partes adoptarán todas as medidas administrativas, lexislativas e doutra índole para dar efectividade aos dereitos recoñecidos na presente Convención. No que respecta aos dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados Partes adoptarán esas medidas ata o máximo





dos recursos de que dispoñan e, cando sexa necesario, dentro do marco da cooperación internacional.

Traballar sobre a base do orzamento de infancia é un desafío recente ás observacións do Comité dos Dereitos do Neno do 2010, das observacións complementarias dos anos 2015 e a recente de 2018. As citadas observacións propoñen a necesidade de que os orzamentos teñen que ser suficientes, eficientes, eficaces, equitativos e sustentables e en infancia hai que atender aos dereitos do neno.

Insisten á súa vez, en que os dereitos hai que telos presentes durante todo o proceso orzamentario, desde o deseño ata a execución e a avaliación.

Neste sentido, a Xunta de Galicia comezou as tarefas para elaborar o Informe en clave de infancia sobre os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54955
Data envío: 03/09/2019 15:19:37.077

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:19:33

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 44626**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego de impulsar a creación dun punto de encontro familiar na comarca do Salnés, así como de novos centros deste tipo”**, (publicada no BOPG número 428, do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan son atendidas con total axilidade e na actualidade estanse atendendo máis de 700 casos en toda Galicia.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.

Neste senso, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no Concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias.

O Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, establece que os PEF se constitúen como un equipamento social, de carácter neutral, especializado



para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade, e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro familiar contan co persoal esixido polo referido decreto, e ademais nos puntos de encontro de máxima actividade como son os de Vigo, Santiago e Coruña aumentouse o persoal esixido, pasando de 3 a 4 profesionais, realizándose o reforzo necesario para a correcta atención dos casos.

A Xunta de Galicia foi incrementando anualmente o orzamento destinado a estes centros, ata chegar no ano 2019 a 723.609,62 euros para o funcionamento deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54954
Data envío: 03/09/2019 15:19:29.248

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:19:08

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 45071** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento por parte do Goberno galego da situación do centro de reforma de menores Avelino Montero, en Pontevedra, e as previsións respecto do seu saneamento”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo do centro de menores Avelino Montero é velar polo superior interese da persoa menor e garantir os dereitos dos menores internados nos centros que veñen consagrados no artigo 55 da LORPM. Toda a actividade no centro está inspirada polo principio de que o menor internado é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade, polo que a intervención no centro vai orientada a súa reinserción social.

Os menores usuarios do centro están axeitadamente atendidos e as súas necesidades residenciais e educativas están perfectamente cubertas.

A Xunta de Galicia ten coñecemento de todas as situacións que se producen nos seus centros, polo tanto tivo coñecemento dos casos de sarna que houbo no centro Avelino Montero. Deste xeito, ante os primeiros síntomas presentados por dous menores usuarios, acódesse ao médico que pauta aos menores tratamento con SARCOP, recomendando así mesmo que a roupa de cama e toallas se laven a máis de 60 graos.

Malia o indicado polo facultativo do SERGAS que non vía a necesidade de activar o ‘Protocolo de actuación ante a sarna humana en institucións con coidadores’, solicítase que se active, para o que se acode ao Servizo de Alertas Epidemiolóxicas co fin de obter unha nova valoración da situación que se está a producir. Dende este servizo danse as indicacións necesarias que pasan por o recoñecemento médico do persoal do centro, e tratamento preventivo para residentes usuarios e traballadores. Os menores foron atendidos no centro médico de



referencia. No caso dos profesionais do Avelino Montero, un médico do servizo de alertas epidemiolóxicas desprazouse ao centro para realizar os controis preventivos necesarios, non detectando ningún síntoma en ningunha persoa traballadora que se someteu a revisión.

A exposición de motivos da LORPM sinala a pretensión de que a intervención dirixida ao menor infractor sexa unha intervención educativa. No caso do internamento de réxime aberto o semiaberto, o menor leva a cabo as actividades do seu proxecto educativo nos servizos normalizados da contorna. Polo tanto, tendo en conta o réxime de internamento deste centro, os menores participan nas actividades que se programan dende o concello e asociacións. Pola súa parte, o persoal educativo do centro mantén contactos cos/coas traballadores/as sociais para coñecer os recursos existentes e derivar aos menores, tendo en conta as súas necesidades.

Con respecto á existencia no centro dun médico e ATS, o Regulamento establece o exame da persoa menor por parte dun médico con ocasión do seu ingreso. Esta intervención, e a obriga de proporcionar á persoa menor asistencia sanitaria, garántese a través das prestacións que ofrece o SERGAS, tendo en conta que se trata de menores que están cumprindo medidas de internamento en réxime aberto e semiaberto e teñen contacto habitual con persoas ou institucións da comunidade polo que a súa saída do centro para acudir ao centro de saúde forma parte da dinámica habitual destas medidas.

A Xunta de Galicia, tendo en conta as necesidades do centro licitará proximamente un contrato de obra de reforma integral dos módulos do centro de menores Avelino Montero.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55059
Data envío: 04/09/2019 15:11:31.303

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2019 15:11:27

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 45401** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns das continuas demoras na posta en funcionamento do centro de atención para persoas maiores do Cádavo, no concello de Baleira, así como o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a súa apertura”**, (publicada no BOPG número 430 do 13 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de maio do 2019, a conselleira de Política Social e o alcalde de Baleira firmaron o convenio de colaboración para a xestión e cofinanciamento da nova residencia e centro de día de Baleira, que está incluído na rede de atención ás persoas maiores da Xunta de Galicia e que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A sinatura deste convenio era o último paso necesario para a entrada en funcionamento deste servizo, que logo de ser equipado e amoblado e adxudicada a súa xestión, só agardaba pola aprobación do convenio por parte do Concello e pola súa rúbrica.

O centro ten unha capacidade máxima de 24 prazas de residencia e 20 de centro de día.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar xestiona parte dos seus centros de atención a persoas maiores con persoal propio e outra mediante xestión externalizada. En todo caso garántese a mesma calidade no funcionamento e nos servizos que se prestan con independencia da fórmula empregada para a xestión do centro, ademais permanece o carácter público das súas prazas así como os requisitos de acceso ás mesmas.



O centro xa entrou en servizo e conta actualmente con usuarios tanto de centro de día como de residencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55058
Data envío: 04/09/2019 15:11:23.099

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2019 15:11:08

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 46290**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araujo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da actual dotación de medios humanos e de recursos orzamentarios dos Puntos de Encontro Familiar, os datos referidos aos seus gastos de mantemento e as medidas previstas ao respecto, así como a creación de novos centros”**, (publicada no BOPG número 435, do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan nestes centros, son atendidas con total axilidade e na actualidade dos estamos atendendo máis de 700 casos en toda Galicia.

Co fin de achegar servizos ás familias, estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.

Neste sentido, estase xestionando a posta en funcionamento dun novo punto de encontro no Concello de Ribeira e analizando as ubicacións dispoñibles para o incremento en todas as provincias.

Segundo o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, o PEF constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación,



divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade, e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro contan co persoal esixido polo referido decreto, e ademais nos puntos de encontro de máxima actividade como son os de Vigo, Santiago e Coruña aumentouse o persoal esixido, pasando de 3 a 4 profesionais, realizándose deste xeito o reforzo necesario para a correcta atención dos casos.

Sobre a auditoría sobre os PEF, cómpre sinalar que estes entran dentro dos recursos a analizar pola función inspectora da Xunta de Galicia, de forma que a Inspección de Servizos Sociais realiza inspeccións sobre cada un dos PEF remitindo informes ao respecto á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Por último, sinalar que todos os PEF contan con protocolos de actuación para o traballo nos casos de violencia de xénero”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54952
Data envío: 03/09/2019 15:18:25.592

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 15:18:22

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:58
Nº Rexistro: 54770

Data envío: 02/09/2019 10:04:58.478

Data 02/09/2019 10:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 41769** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre **“a información, a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego anunciado por Ferroatlántica na súa planta de Sabón, a consecuencia dos resultados da poxa para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade da subministración eléctrica para o primeiro semestre de 2019”**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 41768 que tivo lugar na sesión plenaria do 13 de marzo de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2

CSV: BOPGDSPGUMLM6YTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?
part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=3909](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=3909)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:58
Nº Rexistro: 54770
Data envío: 02/09/2019 10:04:58.478

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:04:49

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 42260**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego en relación coa inversión de 218 millóns de euros anunciada por Endesa na central das Pontes”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 42261 que tivo lugar na sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=5026>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:00
Nº Rexistro: 54764
Data envío: 02/09/2019 10:04:00.728

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:03:51

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 42213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a cobertura por parte da radio e da televisión públicas galegas do encontro que o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia mantivo o pasado 3 de decembro coa ministra de Defensa do Goberno de España”**, (publicada no BOPG número 411, do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A actualidade de cada xornada e as prioridades son as que marcan os contidos dos informativos. Neste contexto, cómpre lembrar que o luns 3 de decembro de 2018 era o día despois das eleccións autonómicas andaluzas, nas que os partidos de centro dereita obtiñan, por primeira vez na historia da democracia española, a posibilidade numérica de arrebatarlle o goberno ao Partido Socialista. E o día no que todas as redaccións e medios de comunicación traballaban na recollida de reaccións ante os resultados das eleccións andaluzas, en toda España, pero especialmente en Madrid e Sevilla. De feito, o delegado da Televisión de Galicia en Madrid permanecía ese luns na capital andaluza, onde estivo durante a xornada electoral e, loxicamente, durante o día despois, ese 3 de decembro.

Nesas condicións, houbo que facer un verdadeiro esforzo para que a delegación dos medios públicos en Madrid puidera cubrir o resto de eventos políticos de relevancia que se sucederon na capital de España ese luns.

Por outra parte, a visita a Madrid do secretario xeral do PSdeG non era un acto institucional, senón unha xuntanza entre o secretario dunha forza política galega e unha Ministra do Goberno, na que non se fixo ningún anuncio oficial, senón que se adiantou algo que sería noticia (ou non) días despois. Aínda así, a TVG estivo presente nesa reunión, e o Sr. Caballero apareceu no Telexornal Mediodía dese día, e non unha nin dúas, senón tres veces.



A primeira delas, cando se recolleu en Madrid a súa opinión sobre o resultado electoral en Andalucía, cun total ou inserto de 24 segundos (por certo, a máis longa de todas as reaccións dos políticos galegos) no que Gonzalo Caballero di que desde o PSdeG convidan a Susana Díaz a extraer leccións dunha campaña realizada á marxe do presidente do Goberno. O total di que é un resultado que vén marcado por un desgaste electoral do PSOE de Andalucía durante moitos anos. Nunha campaña electoral que o PSOE de Andalucía quixo facer moi marcada nas claves andaluzas e un pouco afastada da situación do PSOE en España e da propia tarefa do presidente do Goberno. Creo que o resultado hai que saber interpretalo e correspóndelles aos compañeiros da Andalucía extraer leccións.

A segunda, a información sobre a reunión coa Ministra de Defensa, na que se explica que o Ministerio de Defensa ten previsto levar ao Consello de Ministros nas próximas semanas a orde de execución das cinco fragatas F-110 para a Armada Española que se van construír no estaleiro de Ferrol. Así llo trasladou Margarita Robles ao secretario xeral do PSdeG nunha xuntanza de traballo. Di que o goberno ten os deberes feitos pero non fixa unha data concreta para este contrato que garantirá a carga de traballo no sector naval de Ferrol ata o 2024.

E por último, nunha terceira ocasión no telexornal do Sr. Caballero, cun que un novo total ou inserto de 21 segundos, no que o secretario xeral do PSdeG di que estamos falando de 4.500 millóns de euros de investimento para Ferrol. 7.000 empregos para un horizonte de seis anos . Isto é un impulso fundamental para o sector industrial.

Por outra parte, na Radio Galega recolleuse con detalle tamén esta información con diferentes e amplas versións nos seus tres informativos centrais: Crónica das dúas, A Crónica e o Galicia Por Diante do día seguinte, 4 de decembro.

CRÓNICA DAS DÚAS (03/10) - (incluíu dous cortes de voz do secretario xeral do PSdeG): O secretario xeral dos socialistas galegos, Gonzalo Caballero, adiantou hoxe que o consello de ministros aprobará nas próximas semanas a construción de 5 fragatas para a Armada española en Navantia Ferrol, por un importe de 4.500 millóns de euros.

Caballero fixo este anuncio tras entrevistarse en Madrid coa ministra de defensa, Margarita Robles.

O líder dos socialistas galegos amosou a súa satisfacción polo desbloqueo duns contratos para Navantia que, segundo dixo, levaban nun caixón desde 2014.



O desbloqueo dos contratos para construír as 5 fragatas conleva un investimento de arredor de 4.500 millóns e carga de traballo para 6 anos, segundo os cálculos de Gonzalo Caballero.

Tras reunirse con Margarita Robles, Caballero afirmou que Defensa xa fixo o seu traballo e só falta que o Ministerio de Facenda ultime a documentación para enviar todo ó consello de ministros.

O propio presidente do goberno, Pedro Sánchez, anunciara este verán que o contrato das fragatas estaría aprobado antes de finais de ano, un prazo que se correspondería co que hoxe anunciou o secretario xeral dos socialistas galegos.

A CRÓNICA - (incluíu un corte de voz do secretario xeral do PSdeG):

Gonzalo Caballero asegura que o Consello de Ministros aprobará nas próximas semanas a construción de cinco novas fragatas para a Armada española no estaleiro de Navantia en Fene e Ferrol por un importe de 4.500 millóns de euros, o que suporá, segundo o líder do PSdeG, a creación de 7.000 empregos e unha carga de traballo para 6 anos. Caballero asegurou que só falta que o ministerio de Facenda ultime a documentación e a poña sobre a mesa do consello de Ministros.

Para o secretario xeral dos socialistas galegos, o goberno está a piques de desbloquear os contratos que levaban paralizados desde 2014.

GALICIA POR DIANTE - (incluíu un corte de voz do secretario xeral do PSdeG): Gonzalo Caballero asegura que o Consello de Ministros aprobará nas próximas semanas a construción de cinco novas fragatas para a Armada española no estaleiro de Navantia en Fene e Ferrol por un importe de 4.500 millóns de euros, o que suporá, segundo o líder do PSdeG, a creación de 7.000 empregos e unha carga de traballo para 6 anos.

Caballero asegurou que só falta que o ministerio de Facenda ultime a documentación e a poña sobre a mesa do consello de Ministros.

Para o secretario xeral dos socialistas galegos, o goberno está a piques de desbloquear os contratos que levaban paralizados desde 2014

Por último, o xoves 13 de decembro, no momento en que o Delegado do Goberno en Galicia informou oficialmente da luz verde para a construción das fragatas, a TVG mobilizou inmediatamente un equipo de directos a Navantia para darlle á noticia a importancia que merecía,



xa dende os titulares do informativo do mediodía. E tamén ocupou un lugar destacado no Telexornal Serán daquel mesmo día, con outro directo desde o mesmo interior das instalacións de Navantia en Fene”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:04:08
Nº Rexistro: 54765
Data envío: 02/09/2019 10:04:08.838

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:04:05

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54877

Data envío: 03/09/2019 09:04:16.450

Data 03/09/2019 09:04

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG- **número 45382**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a cobertura informativa dada pola RTVG á nova referida á renuncia dun edil a todos os seus cargos no Concello de Ourense”**, (publicada no BOPG número 430, do 13 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A cobertura sobre a renuncia do sr. Araújo foi, tanto na Radio como na Televisión de Galicia, adecuada e axustada aos criterios profesionais do interese xornalístico e, desde que trascendeu a información, foi un dos asuntos máis destacados dos distintos boletíns horarios e informativos centrais na radio autonómica.

A noticia ocupou unha posición destacada dentro do relato informativo da Crónica das Dúas, de A Crónica e do Galicia Por Diante da mañá seguinte.

Na información que ofreceu a Radio Galega explicáronse os detalles da súa decisión de abandonar os cargos orgánicos do Partido Popular e as súas responsabilidades institucionais. Así as cousas, recolléronse nun amplo relato informativo os argumentos expresados polo propio Araújo na rolda de prensa desa xornada, incluíndo nesa peza cortes de voz. Este foi o encabezado da noticia:

O portavoz do grupo popular de goberno no concello da capital ourensá formalizou esta mañá a súa renuncia á acta de concelleiro e a baixa no PP. Pepe Araújo argumenta desacordo coa acción do executivo do que formaba parte e anuncia que seguirá na política municipal dende outra formación con vontade construtiva a prol da cidade. O alcalde Jesús Vázquez



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/09/2019 09:04:03

175284





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54877
Data envío: 03/09/2019 09:04:16.450

manifestou sorpresa e disgusto pola renuncia de Araújo e asegurou que mantén a súa folla de ruta cara aos comicios de maio.

Tamén se recolleu na Radio Galega o posicionamento do alcalde, Jesús Vázquez, ao que sinalaron aquela xornada numerosos micrófonos xornalísticos. Esta parte tamén incluíu cortes de voz. O asunto foi comentado en faladoiros de días posteriores.

Na Televisión de Galicia, o asunto ocupou espazo tanto nos informativos locais como nos xerais, nomeadamente no Telexornal mediodía do 29 de xaneiro e no Bos Días do día seguinte, 30 de xaneiro, así como nos informativos locais do día 12 de febreiro, ou no Telexornal Serán da mesma data, cando se falou do paso do señor Araújo a Ciudadanos. Son aparicións máis que dabondo para tratarse dun tema estritamente local, e ata diríamos que persoal, como é a decisión dun concelleiro de deixar as súas responsabilidades dun xeito totalmente voluntario, sen que medie ningún tipo de polémica ou escándalo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54877
Data envío: 03/09/2019 09:04:16.450

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:04:03

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54876
Data envío: 03/09/2019 09:03:59.544
Data 03/09/2019 09:03

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG- **número 45635**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a retirada a unha locutora da TVG das funcións de redacción que viña desempeñando”**, (publicada no BOPG número 430, do 13 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta xa foi respostada, oralmente, polo director xeral da CRTVG na Comisión de Control do 28 de febreiro pasado, ao grupo parlamentar do BNG, ao contestar a iniciativa 45721. A resposta pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-permanente-non-lexislativa-control-corporacion-rtvg-2019-02-28?part=5474c21c-8b27-4a2a-8f42-0f513e1f9830&start=6644>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54876
Data envío: 03/09/2019 09:03:59.544

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:03:55

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54875

Data envío: 03/09/2019 09:03:51.794
Data 03/09/2019 09:03

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG- **número 46835**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“o tratamento informativo dado na TVG ás novas referidas aos problemas internos dos distintos partidos políticos”**, (publicada no BOPG número 442, do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O tempo que se lle dedica ás noticias na TVG depende única e exclusivamente do seu interese informativo para toda Galicia. A información á que se refire a pregunta é de ámbito puramente local, sen outra transcendencia que un movemento político individual, voluntario, que vén dado única e exclusivamente polas aspiracións políticas e persoais de dous cidadáns que, de xeito moi lícito, deciden cambiar de cor política.

Aínda así, as súas dimisións, os seus contactos con outras formacións políticas, etc, ocuparon espazos nos informativos da mañá, do mediodía e da noite, tanto nos espazos locais da desconexión de Ourense como nos informativos para toda Galicia.

De feito, entre os días 29 de xaneiro e 26 de febreiro, noticias relacionadas co caso que nos ocupa repetíronse ata en 19 ocasións polo que non se pode falar de camuflar ou silenciar ningún tipo de posibles problemas, como vostedes mesmos din ‘internos’, dunha formación política.

E, en resposta á derradeira cuestión: nunha comparecencia pública, nunha rolda de prensa, os xornalistas fan moitas preguntas, pero non todas as respostas se reflicten posteriormente nas informacións que se emiten. Son os responsables da información os que deciden, con



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/09/2019 09:03:48

175289

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54875
Data envío: 03/09/2019 09:03:51.794

criterios estritamente profesionais, se as preguntas ou respostas son de interese xeral. Primeiro, para facelas. E despois, para incluílas ou non nas noticias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54875
Data envío: 03/09/2019 09:03:51.794

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:03:48

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54874
Data envío: 03/09/2019 09:03:42.997
Data 03/09/2019 09:03

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG- **número 49226**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“as razóns da Corporación Radio e Televisión de Galicia para non emitir información na Televisión de Galicia e na Radio Galega en relación coa concesión do Premio José Couso de Liberdade de Prensa aos profesionais da Corporación, que se manifestan baixo o lema ‘Defende a Galega’”**, (publicada no BOPG número 470, do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta xa foi respostada, oralmente, polo director xeral da CRTVG na Comisión de Control do 22 de maio pasado, ao grupo parlamentar do PSdG, ao contestar a iniciativa 49409. A resposta pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-permanente-non-lexislativa-control-corporacion-rtvg-2019-05-22?part=727b2152-46e9-407d-aff2-2608f6366dd6&start=8365>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54874
Data envío: 03/09/2019 09:03:42.997

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2019 9:03:37

CSV: BOPGDSPGUMLM6yTk12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54873
Data envío: 03/09/2019 09:03:33.028
Data 03/09/2019 09:03

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG- **número 49573**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os criterios seguidos pola CRTVG para informar da presenza en Galicia de ministras do Goberno central para tratar cuestións de interese para a cidadanía galega”**, (publicada no BOPG número 476, do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“As visitas das ministras a Galicia enmárcanse nun período preelectoral. Lémbrese que foron recollidas apropiadamente polos medios públicos galegos, o que se pode comprobar analizando a web da Corporación.

